Señor, teño sede, dáme de beber.

Xesús:

Nesta Coresma queremos poñernos en marcha, en camiño, amándote e seguíndote máis fielmente.

Aquí estou, xunto a ti co meu cántaro baleiro. Vin pedirche auga, a túa que é viva.

Teño sede de ti, Xesús. Dáme auga da túa e que se converta dentro de min nun manancial que salta dando unha vida sen termo.

Dáme desta auga, Señor, non quero ir a outros pozos, non quero augas estancadas. Quero a túa auga viva.

Xesús, enche o meu pobre cántaro. Quero deixar aquí o meu barro, a miña pobreza, o meu pecado, a miña nada.

Quero sentir a necesidade de acudir cada día á túa fonte a beber para continuar a marcha. Dáme a auga viva, esa auga que sacia e dura sempre.

E que a fe, que a vida da graza recibida no bautismo, corra polas miñas veas como manancial de vida inesgotable.

Así, a través do meu testemuño, outros moitos poidan crer en ti, Xesús, como o seu Salvador.



REZAMOS POLAS VOCACIÓNS

Señor Xesús, con amor poñemos nas túas mans os nosos seminarios, os formadores e profesores, e moi especialmente a todos os seminaristas do mundo, que se están preparando para ser «pastores misioneiros». Fai que sexan pastores que vaian onde Ti os envíes, que a Igrexa e o mundo sexan os espazos abertos da súa misión. Que te sirvan con obediencia e pobreza, desatendan as voces dos poderes do mundo, e, cheos de caridade, sírvante nos pobres e necesitados. Que a súa vida célibe non sexa mediocre ou inmatura, senón que todo o entreguen a ti e todo o arrisquen, con esperanza e ledicia. Señor, que sempre conten contigo, como Ti contas con cada un deles, con cada sacerdote. Grazas, Señor, polos seminaristas e os sacerdotes. Gárdaos no teu amor e na túa fidelidade. Amén.

Domingo 3º- La Samaritana

CORESMA é camiñar SEDENTOS buscando a AUGA VIVA.

Coresma 3º

ETAPA 03

LECTURAS

- **ÉXODO 17, 3-7:** ***Dános auga que beber.***
- **SALMO 94: R/. Oxalá escoitedes hoxe a voz do Señor: «non endurezades o voso corazón».**
- **ROMANOS 5, 1-2. 5-8: O amor foi derramado en nós co espírito que se nos deu.**
- **XOÁN 4, 5-15. 19B-26. 39A. 40-42:** ***Un chafariz de auga que salta ata a vida eterna.***

Narrador: Naquel tempo, chegou Xesús a unha cidade de Samaría chamada Sicar, preto do campo que deu Xacob ao seu fillo Xosé; alí estaba o pozo de Xacob. Xesús, canso do camiño, estaba alí sentado xunto ao pozo. Era cara á hora sexta. Chega unha muller de Samaría a sacar auga, e Xesús dille:

Xesús: -***«Dáme de beber».***

Narrador: Os seus discípulos fóronse á vila para comprar comida. A samaritana díxolle:

Samaritana: *-«Como ti, sendo xudeu, pídesme de beber a min, que son samaritana?»*

Narrador: Os xudeus non se tratan cos samaritanos. Xesús contestoulle:

Xesús: *-«Se coñeceses o don de Deus e quen é o que che di "dáme de beber", pediríaslle ti, e el daríache auga viva».*

Narrador: A muller díxolle:

Samaritana: *-«Señor, se non tes cubo, e o pozo é fondo, de onde sacas a auga viva?; es ti máis que o noso pai Xacob, que nos deu este pozo, e del beberon el e os seus fillos e os seus gandos?».*

Narrador: Xesús contestoulle: *«O que bebe desta auga volve ter sede; pero o que beba da auga que eu lle darei nunca máis terá sede: a auga que eu lle darei converterase dentro del nun chafariz de auga que salta ata a vida eterna».*

Narrador: *A muller díxolle:*

Samaritana: -***«Señor, dáme esa auga: así non terei máis sede****, nin terei que vir aquí a sacala. Sei que vai vir o Mesías, o Cristo; cando veña, el diránolo todo».*

Narrador: *Xesús díxolle:*

Xesús: *-«Son eu, o que fala contigo».*

Narrador: *Naquel pobo moitos creron nel. Así, cando chegaron a velo os samaritanos, rogábanlle que quedase con eles. E quedou alí dous días. Aínda creron moitos máis pola súa predicación, e dicían á muller:*

Veciños: *-«Xa non cremos polo que ti dis; nós mesmos oímolo e sabemos que el é de verdade o Salvador do mundo».*

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús- Samaritana-Veciños)

CORESMA é camiñar SEDENTOS buscando a AUGUA VIVA.

1. VER: Que ben, hai auga!.

-Cando facemos unha excursión polo monte, un día de calor e terminamos a auga da cantimplora se nos reseca a boca e fraquéannos as forzas. Se atopamos unha fonte polo camiño saltamos de alegría. ***Que nos fai a auga?***

-Fano, no debuxo deste domingo preséntanos a unha moza no deserto buscando auga. ***Onde atopa auga?*** Buscade que é a radioestesia, que é un adiviño, de que é a pinza con cuxo movemento lle indica a presenza dunha capa freática.

Pasouvos isto algunha vez? E coa familia o os amigos? Por que?

2. XULGAR: Coresma é buscar a Auga Viva.

-No evanxeo deste domingo Xesús fálanos daquela muller samaritana que, repartía auga do seu pozo. Aínda que ela non o sabía, tiña moita sede de amor. Xesús que acode ao pozo sedento, dille que el ten unha auga nova, a auga viva que calma toda sede. E ela pídelle: ***-"Señor, dáme desa auga".***

QUE NOS QUERE DICIR JESÚS?

-Coresma é camiñar: non nos detemos, seguimos preparando a Pascua, buscando o que é máis importante na vida.

-Descubrimos que **tamén nós andamos sedentos**: de amigos, de relacións profundas, de felicidade, de superación de dificultades (enfermidades, estudos, ansiedades…). ***De que teño eu sede? Onde buscamos fontes que nos acouguen a sede?***

-Descubrimos ao noso lado persoas que nos quitan a sede: pais, catequistas… **Quen máis?** Hai quen busca adiviños, apostas online…

-Xesús **descóbrenos que el é a auga Viva**: Xesús está aí para acompañar, para enchernos de luz e de forza, para orientarnos no camiño recto, perdoarnos, alimentarnos… El ten a auga que sacia plenamente… Se a bebemos xa non andaremos buscando outras fontes con auga adulterada.

-A samaritana conta aos seus veciños a auga que lle deu Xesús.

Ves así a Xesús? Que che está pedindo? Que lle vas dicir?

3. ACTUAR: Xesús, dáme de beber.

-No te conformes con auga embotellada… Busca a auga de Xesús! Pídella cada día. E lembra: coa auga, **consumo responsable!**

-Dialogamos sobre como podemos mellorar o encontro con el para potenciar a vida interior, a fe, a vida divina da graza. Facemos algún compromiso.

-Lembrade **que ao bautizarnos bendicimos a auga da pila bautismal e derramámola na cabeza. Achegádevos á pila e dicide:** ***"Xesús, es a auga viva: lávame, purifícame, dáme de beber. Grazas pola fonte de auga viva na que fun bautizado".***

-Ao entrar no templo, achégate á pila de auga bendita, toca a auga (se Sanidade o permite polo coronavirus), e dille: ***"Xesús grazas polo meu bautismo, lava o meu pecado, transfórmame, renóvame por dentro, dáme máis fe, éncheme da túa vida de graza. E axúdame a ser testemuña para que outros crean en ti".*** **Que ides facer?**